

Base 40ª.- Concepto e clases de subvencións

1.- Dacordo co disposto no artigo 2.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, considéranse subvencións outorgadas polo concello de Cabana de Bergantiños toda disposición de fondos realizada polo concello a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios
- b) que a entrega esté suxeita ó cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, a realización dunha actividade, xa realizados ou por desenvolver tanto no exercicio actual como en exercicio precedente.
- c) que o proxecto, actividade ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

2.- En función ó réximen de outorgamento, o concello de Cabana de Bergantiños poderá conceder dous tipos de subvencións:

- en réximen de concorrencia competitiva
- concesión directa

Base 41ª.- Subvencións en réxime de concorrencia competitiva

1.- As subvencións outorgadas en réximen de concorrencia competitiva polo concello de Cabana de Bergantiños axustaranse ó disposto na Lei Xeral de Subvencións, e polo establecido na Ordenanza Xeral reguladora das subvencións aprobada por este concello (cando se aprobé), entre tanto polo que se estableza nas Bases de Execución do Orzamento..

2.- A concesión de subvencións en réximen de concorrencia competitiva axustaranse ó seguinte procedemento:

a) aprobación das bases reguladoras nas que se determinará, entre outros, os seguintes aspectos: finalidade e obxecto, aplicación orzamentaria, beneficiarios, forma e prazos de solicitude, criterios de concesión, órgano competente, forma e prazos de xustificación, requisitos de pago.

b) solicitude de subvención por parte dos interesados nos impresos facilitados ó efecto polo propio concello. Estas solicitudes presentaranse no rexistro xeral debidamente cumprimentadas e nos prazos sinalados nas bases da convocatoria. A solicitude deberá conter como mínimo os seguintes datos: solicitante, finalidade, representante, orzamento de gastos, memoria, contía solicitada.

c) outorgamento das subvencións polo órgano competente, unha vez ponderadas todas as solicitudes presentadas conforme ós criterios de valoración establecidos nas bases (interés das actividades a desenvolver, nº de beneficiarios directos ou indirectos...) seguindo o procedemento establecido na normativa reguladora.

d) xustificación das subvencións por parte dos beneficiarios acreditando o cumprimento da finalidade, aportando a documentación necesaria que acredite a realización do obxecto da subvención nos prazos e forma que se sinalen nas bases da convocatoria.

e) pago das subvencións unha vez cumpridas as esixencias de xustificación documental, e fiscalizado o expediente pola intervención, mediante ingreso na conta bancaria designada ós efectos polo beneficiario na documentación aportada, en determinados casos e previa motivación poderá contemplarse o pago anticipado.

f) reintegro da subvención por parte do beneficiario no caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade. O procedemento de reintegro será o establecido nas bases da convocatoria e na ordenanza xeral de subvencións aprobada polo concello.

As subvencións convocadas no ano 2015, para axuda de gastos realizados no ano 2015, resolveranse e aplicaranse ao orzamento do ano 2016. A finais do exercicio 2016 aprobarase a convocatoria mediante tramitación anticipada das mesmas axudas, aplicándose ao orzamento do ano seguinte o gasto.

Será o alcalde o que aprobe as bases específicas que rixan a convocatoria das ditas axudas, tendo a consideración a regulación contida nesta base de “ bases xenéricas”

Base 42ª.- Subvencións de concesión directa

1.- **Subvencións conveniadas:** o concello de Cabana de Bergantiños poderá conceder de forma directa aquelas subvencións previstas nominativamente no Orzamento para o exercicio 2016, amparadas nos correspondentes convenios de colaboración, e nos termos previstos nos artigos 22 e 28 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e na propia Ordenanza Xeral de Subvencións do concello de Cabana de Bergantiños. Para o exercicio 2016 prevense no orzamento as seguintes subvencións nominativas:

- Cabana SD: para gastos de mantemento e transporte das categorías inferiores na tempada 2014/2015, por importe de 9.600 euros

- CPI As Revolta: para gastos de viaxes formativos dos alumnos realizados no 2016, por importe de 1.200 euros

- CRA Os Remuño: para gastos de viaxes formativas e educativas no exercicio 2016, por importe de 400 euros.

- Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Cabana de Bergantiños: para gastos de funcionamento da dita Asociación para o cumprimento dos fins e obxectivos que determinaron a súa constitución durante o exercicio 2016; 4.000 €

2.- **Subvencións de emerxencia social:** excepcionalmente, e conforme o disposto no artigo 22.2.c) da Lei Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa aquelas subvencións que por razóns de interese público, social, económico ou humanitario dificulten a súa convocatoria pública. Deberá quedar acreditado no expediente a concurrencia destas razóns, a través do correspondente informe da traballadora social do concello.

3.- A tramitación dos expedientes de gasto relativos ás subvenciones nominativas sinaladas nesta Base, non requirirán novo acordo do Pleno da Corporación, correspondendo a súa resolución ó Alcalde.

Base 43ª.- A xestión do gasto de subvencións e especialidade na tramitación para a concesión de premios e becas.

1.- Previamente á aprobación do expediente de subvención (bases da convocatoria) deberá expedirse por parte da intervención o correspondente certificado de existencia de crédito, que se materializará contablemente no documento “RC”, salvo nos supostos de tramitación anticipada que se determinaron na anterior base.

2.- Concedida unha subvención a un beneficiario concreto, expedirase o documento contable “AD” ó que se unirá o certificado do acordo ou resolución de concesión.

3.- Aportados os documentos xustificativos do gasto realizado, e fiscalizados os mesmos pola intervención, realizarase un asento contable “O”, ó que se unirá o acordo ou resolución de aprobación do gasto.

4.- Posteriormente o alcalde expedirá a correspondente orde de pago, respetando en todo caso a prelación de pagos establecida.

5.- Excepcionalmente, cando a natureza da subvencións así o xustifique, e así se contemple nas bases da convocatoria ou no convenio regulador, poderán realizarse pagos anticipados (prepagables) que terán o carácter de entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como requisito necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste suposto, no momento da concesión da subvención expedirase o documento contable “ADO”.

6.- No caso das subvencións de emerxencia social, unha vez presentada a solicitude polo interesado ou tramitado de oficio polo departamento de servizos sociais, e previamente á continuación do expediente, requirirase da intervención municipal o certificado de existencia de crédito. Concedida a subvención de emerxencia social a un beneficiario concreto realizarase o documento contable “AD” ó que se adxuntará o certificado do acordo ou resolución de concesión, así como o informe da traballadora social do concello. Posteriormente e aportados os documentos xustificativos do gasto emitirase o documento contable “O” de aprobación do gasto, e a continuación o alcalde expedirá a correspondente orde de pago. Excepcionalmente, e sempre que concorran circunstancias persoais e familiares, e a proposta da traballadora social, permitirase un pago indirecto da subvención de emerxencia social á empresa subministradora dos bens ou servizos para os que se concedeu a subvención, sempre e cando consten documento de cesión do crédito do beneficiario da axuda. O pago indirecto previa entrega da factura/recibo correspondente, servirá de xustificante de cumprir os a finalidade para a que se concede a axuda.

É competencia da Alcaldía adoptar o acordo de concesión de premios en eventos ou concursos nos que o concello sexa organizador ou coorganizador, aprobando ao mesmo tempo as bases reguladoras para acadar os premios, que se publicarán na web municipal, simplificándose tamén todo o procedemento legalmente establecido para a tramitación de axudas determinándose que a valoración corresponderá a un tribunal que levantará un acta motivando a súa valoración e propoñendo os premios a conceder a alcaldía, e mediante resolución concederanse os premios.

Prevese tamén o mantemento de becas de estudo mediante convenio asinado co FEUGA para favorecer a práctica laboral de estudantes.